

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 18 DE AGOSTO DO 2022.**

**ASISTENTES:**

<p align="center"><b>Presidente:</b> SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE</p> <p align="center"><b>Membros que asisten:</b></p> <p>PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center"><b>Interventor:</b> BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center"><b>Secretario Xeral:</b> SIEIRA RIOS MARIA</p> <p align="center"><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Dezaioito de Agosto do Dous mil vinte e dous, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**1.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202208/121**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 10/08/2022 "Decreto: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE "MELLORAS FUNCIONAIS E DE OPERACIÓN NAS INSTALACIÓNS DE PRETRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS. (RIBEIRA)""

**2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202208/130**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/08/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN AVENIDA DA PAZ (PALMEIRA)""



### 3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202208/132

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/08/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN, PLUVIAIS E SANEAMENTO EN RÚA DA CHOUZA (CASTIÑEIRAS)""

### 4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202208/133

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/08/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "SANEAMENTO, PAVIMENTACIÓN E ABASTECIMENTO NO LUGAR DE FRIÓNS (CARREIRA)""

### 5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202104/029

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/08/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN, PLUVIAIS E SANEAMENTO NAS RÚAS CHAPRADO E CEBOLEIRA (CORRUBEDO)""

### 6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202208/135

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/08/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "INSTALACIÓN REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO LUGAR DE SAMPEDRO (PALMEIRA)""

### 7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202208/136

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/08/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DAS REDES DE AUGA POTABLE E PLUVIAIS NA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO (AGUIÑO)""

### 8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202208/137

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/08/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN RÚA SIDREIRAS E TRANSVERSAL (RIBEIRA)""



**9.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA (EN PLANTA SOTO, ENTREPLANTA E PLANTA PRIMEIRA ALMACÉN). LUGAR: RÚA GALICIA Nº 70, RIBEIRA. PROMOTOR: XINGSHU DONG**

En relación co expediente relativo á solicitude de licenza de obra maior-**PROXECTO DE EXECUCIÓN DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA (EN PLANTA SOTO, ENTREPLANTA E PLANTA PRIMEIRA ALMACÉN)**, da que é promotor D. Xingshu Dong, e tendo en conta os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**PRIMEIRO.- Escrito** presentado por **D.Xingshu Dong**, rexistrado de entrada o día 27 de decembro de 2019, 28 de xaneiro, 2 de decembro de 2020 e 16 de marzo de 2021, (Rexistro de entrada nº 17.924, 1.218 e 16.451, 3.774), mediante os que solicita licenza de obras para demolición de de edificio existente e posterior construción de edificio de planta soto, planta baixa, entreplanta e planta primeira para destinalo a uso terciario - restaurante en planta baixa, sita na Rúa de Galicia nº 70, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0719804NH0101N0001QF, achegándose Proxecto Básico de decembro de 2019, Informe técnico xustificativo de normativa de decembro de 2020, Informe xustificativo de incesariedade de informes sectoriais de marzo de 2021, redactados polo Sr. Manuel Jesús Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916), resolución favorable emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (expte - 353/20) asinada dixitalmente o día 15 de marzo de 2021 polo xefe territorial Sr. Severino Álvarez Monteserín, Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación os días 12 e de 10 de marzo de 2021 respectivamente.

**SEGUNDO.-** Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de marzo de 2021 que por unanimidade acorda **CONCEDER** á Sr. Xingshu Dong **LICENZA DE OBRAS Nº 10/21** para **PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE e CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA, ENTREPLANTA E PLANTA PRIMEIRA** para destinalo a uso terciario - restaurante en planta baixa na Rúa de Galicia nº 70, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0719804NH0101N0001QF, nos termos do Proxecto Básico de decembro de 2019, do informe técnico xustificativo de normativa de decembro de 2020 e do informe técnico xustificativo de normativa de decembro de 2020, Informe xustificativo de incesariedade de informes sectoriais de marzo de 2021 redactados polo Sr. Manuel Jesús Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916) así como da resolución favorable emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (expte - 353/20) asinada dixitalmente o día 15 de marzo de 2021 polo xefe territorial Sr. Severino Álvarez Monteserín.

**TERCEIRO.- Escrito** presentado por D. Xingshu Dong rexistrado de entrada na data 20 de agosto de 2021, (Rexistro de entrada nº 14.598), mediante o que se presenta Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 20 de agosto de 2021 redactado por D.Manuel Jesús Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916).

**CUARTO.- Informe técnico** emitido polo arquitecto técnico municipal D.Manuel Sabín Sabín tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade con sinatura dixital favorable na data **23 de setembro de 2021** no que analiza en **sentido favorable** o axuste do Proxecto de Execución presentado ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do



Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa de aplicación

**QUINTO:- Informe xurídico** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llano Orosa de data **26 de outubro de 2021**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no que propónse conceder a licenza urbanística de referencia en harmonía co informe do arquitecto técnico D. Manuel Sabín Sabín de data 23 de setembro de 2021.

No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

De acordo co exposto, e visto o informe técnico emitido polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín con sinatura dixital de día 5 de maio de 2021, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo secretario xeral da corporación, Juan Manuel Salguero de Valle, de data 29/10/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-PRESTAR CONFORMIDADE** á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 10/21, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 31 de marzo de 2021 ao Sr. Xingshu Dong, consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 20 de agosto de 2021 redactado polo Sr. Manuel Jesús Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916).

**SEGUNDO.-** A obra **iniciarase** no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación do presente acordo e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación do mesmo.

**TERCEIRO:-NOTIFICAR** o presente acordo á parte interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

## 10.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA EDIFICIO DE 8 VIVENDAS - CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L.

*LICENZA DE OBRA Nº 7/18: Concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 1 de febreiro de 2018.*

*FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción dun edificio de soto, planta baixa, tres plantas altas e baixocuberta para 8 vivendas en total.*

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado con aplicación do PLAN PARCIAL ABESADAS - B.*

*REFª CATASTRAL: 0314522NH0101S0001SX.*

*SITUACIÓN: Rúa Xoana Torres s/n, Riveira.*

*PROMOTOR/A: CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L. (CIF B.15.202.864).*

*AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).*

*PROXECTO: Proxecto Básico e de Execución Refundido visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 14 de decembro de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de decembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 19.929) / Anexo Modificado ao Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xaneiro de 2018 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 23 de xaneiro de*



2018, (Registro de entrada nº 982) / Proxecto de Telecomunicacións redactado polo enxeñeiro de telecomunicacións Sr. Manuel Paradela López con visado colexial de data de 25 de maio de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de setembro de 2017, (Registro de entrada nº 15.117) / Copia da escritura de constitución de obra nova (edificio colindante) e constitución de servidume (entrada á planta soto polo edificio anexo), redactada polo notario Sr. Gonzalo Freire Barral, de data de 9 de outubro de 2012 e co número de protocolo 912, presentado en escrito rexistrado de entrada na data 27 de outubro de 2017, (Registro de entrada nº 17.228) / Memoria descriptiva da solicitude de modificación de planta baixa e planta soto sen visar asinado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

OFICIOS: Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 31 de agosto de 2017.

DOCUMENTACIÓN FIN DE OBRA: Certificación Final de Obra con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 17 de febreiro de 2022, asinados polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín e polo arquitecto técnico Francisco A. Frago Pena / Plano A-05, A-06, (Planta soto, Planta baixa) Anexo I de Modificacións Final de Obra con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 17 de febreiro de 2022 / Acta de Recepción de Edificio Terminado / Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D / Proxecto Técnico de Infraestruturas Común de Telecomunicacións firmada polo Enxeñeiro de Telecomunicacións col. 2.829 Sr. Manuel Paradela López / Acta de replanteo de Telecomunicacións / Certificado de Instalación de Electricidade / Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade / Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de auga / Certificado de Boletín de Instalación de Electricidade / Certificado emitido en relación a instalación de fontanería / Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado pola Sra. Lidia Otero Golobardas Xefa de Plotación Operaciones Zona Sur na data 28 de marzo de 2022.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 1 de febreiro de 2018 por unanimidade acorda **CONCEDER** á entidade CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L. **LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA, TRES PLANTAS ALTAS E BAIXOCUBERTA, PARA 8 VIVENDAS EN TOTAL**, en parcela con refª catastral nº 0314522NH0101S0001SX sita na Rúa Xoana Torres s/n, Riveira, nos termos do Proxecto Básico e de Execución Refundido visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 14 de decembro de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de decembro de 2017, (Registro de entrada nº 19.929), do Anexo Modificado ao Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xaneiro de 2018 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 23 de xaneiro de 2018, (Registro de entrada nº 982) redactados polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128), así como do Proxecto de Telecomunicacións redactado polo enxeñeiro de telecomunicacións Sr. Manuel Paradela López con visado colexial de data de 25 de maio de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de setembro de 2017, (Registro de entrada nº 15.117), da Copia da escritura de constitución de obra nova (edificio colindante) e constitución de servidume (entrada á planta soto polo edificio anexo), redactada polo notario Sr. Gonzalo Freire Barral, de data de 9 de outubro de 2012 e co número de protocolo 912, presentado en escrito rexistrado de entrada na data 27 de outubro de 2017, (Registro de entrada nº 17.228) así como do Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 31 de agosto de 2017.

**SEGUNDO.-** Vistos os escritos presentados pola entidade CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L. rexistrados de entrada os días 15 e 21 de febreiro, 29 de marzo, 11 e 28 de abril de 2022, (Registros de entrada nº 2.772,3.129,5.778,7.080 e 8.182), mediante os que solicita a licenza de primeira ocupación para *edificio de planta soto, planta baixa, tres plantas altas e baixocuberta para 8 vivendas en total, construído* ao amparo da licenza de



obra nº 7/18, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada o día 1 de febreiro de 2018, en parcela con refª catastral nº 0314522NH0101S0001SX sita na Rúa Xoana Torres s/n, Ribeira, nos termos da **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 17 de febreiro de 2022, asinados polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín e polo arquitecto técnico Francisco A. Frago Pena dos Plano A-05 e A-06, (soto e planta baixa), do **Anexo I de Modificacións Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 17 de febreiro de 2022, da **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Proxecto Técnico de Infraestructuras Común de Telecomunicacións** firmada polo Enxeñeiro de Telecomunicacións col. 2.829 Sr. Manuel Paradela López, **Acta de replanteo de Telecomincaións, Certificado de Instalación de Electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de auga, Certificado de Boletín de Instalación de Electricidade, Certificado emitido en relación a instalación de fontanería, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado pola Sra. Lidia Otero Golobardas Xefa de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 28 de marzo de 2022.

**TERCEIRO.-** Visto o informe técnico con sinatura dixital favorable emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación o día 19 de xullo de 2022 facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico con sinatura dixital favorable emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación o día 19 de xullo de 2022 facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/08/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** á entidade CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L. **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para edificio de planta soto, planta baixa, tres plantas altas e baixocuberta para 8 vivendas en total, construído ao amparo da licenza de obra nº 7/18, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada o día 1 de febreiro de 2018, en parcela con refª catastral nº 0314522NH0101S0001SX sita na Rúa Xoana Torres s/n, Ribeira, nos termos da **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 17 de febreiro de 2022, asinados polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín e polo arquitecto técnico Francisco A. Frago Pena dos Plano A-05 e A-06, (soto e planta baixa), do **Anexo I de Modificacións Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 17 de febreiro de 2022, da **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D,**





**Proxecto Técnico de Infraestructuras Común de Telecomunicacións** firmada polo Enxeñeiro de Telecomunicacións col. 2.829 Sr. Manuel Paradela López, **Acta de replanteo de Telecomunicacións, Certificado de Instalación de Electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de auga, Certificado de Boletín de Instalación de Electricidade, Certificado emitido en relación a instalación de fontanería, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado pola Sra. Lidia Otero Golobardas Xefa de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 28 de marzo de 2022.

**SEGUNDO.-** Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**TERCEIRO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**11.- LICENZA DE REORDENACIÓN DE FINCAS NO LUGAR DE LIXÓ, PALMEIRA (RIBEIRA)  
PROMOTORES: JUANA BASOCO GARCÍA E ANA BELÉN MARIÑO BASOCO**

**VISTA** a solicitude de **reordenación de fincas no lugar de Lixó 5, Palmeira (Ribeira)** formulada por **Dna. Juana Basoco García e Dna. Ana Belén Mariño Basoco**.

**VISTOS** os informes emitidos polo **arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación D. Manuel Sabín Sabín, de 23 de xuño de 2022, e do Secretario Xeral da Corporación con data 27 de xullo de 2021.**

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** aprobar a **corrección de dito acordo resultando finalmente:**

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a **Dna. Juana Basoco García e Dna. Ana Belén Mariño Basoco** licenza de **REORDENACIÓN DE FINCAS NO LUGAR DE LIXÓ 5, PALMEIRA (RIBEIRA)** de acordo co seguinte:

*Trátase de dúas leiras A de 11.162,- m<sup>2</sup> e a leira B de 1.068,- m<sup>2</sup> con senllas edificacións nas mencionadas leiras.*



Ademais da consideración doutras sub parcelas no conxunto das leiras e de acordo coas operacións que consideran as sub parcelas **A1, A2 e A3** e en base á documentación obrante no expediente, redactado por Dna. Rosa Ana Tubío Piñeiro, Enxeñeira Técnica Agrícola, resultan **dúas parcelas definitivas reguladas, a parcela A de 3.116,-m<sup>2</sup> e a parcela B de 9.114,- m**

**As parcelas finais definitivas reguladas, cumpren co disposto no Art. 150 da Lei do Solo en canto á regularización e o Art. 39 en canto ao relativo ás edificacións existentes. Non corresponde cesión a vías por ser a localización en Chan Rústico**

**SEGUNDO:-** Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

## **12.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> FRANCISCA NOVO OUJO POLOS DANOS E LESIÓNS SUFRIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA NA RÚA ROMERO ORTIZ. EXPEDIENTE 2022 RESP000001.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D<sup>a</sup> FRANCISCA NOVO OUJO** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

### **FEITOS**

**Primeiro.-** Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 31/1/2022 co número 1.586, D<sup>a</sup> Francisca Novo Ojuo, con DNI número 76504250V, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e lesiós sufridos como consecuencia dunha caída ocorrida na data 29/1/2022 na Rúa Romero Ortiz.

**Segundo.-** Por Decreto da Alcaldía de data 21/3/2022, resolvese admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase á interesada que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistida da súa petición.

**Terceiro.-** Consta no expediente que a notificación do Decreto de data 21/3/2022, foi practicada á reclamante na data 22/3/2022.

**Cuarto.-** Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte da reclamante se procedera á emenda do referido requisito.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

#### **PRIMEIRO.-**





A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

**SEGUNDO.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO.-**

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

**CUARTO.-**

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado á interesada, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

**QUINTO.-**

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 11/08/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Ter por desistida da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D<sup>a</sup> Francisca Novo Oujo**, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 31/1/2022, co número 1.586, e **declarar concluído o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 21/3/2022, notificado na data 22/3/2022.** Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**13.- ACHEGA CONCEDIDA A UNIBERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-Mantemento sede do IV Ciclo da USC en Ribeira 2021-2022)**

Visto o **informe de adecuación da execución do convenio**, xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitido pola Técnica do Servizo de Normalización Lingüística, Alicia Padín Otero, de data 12/08/2022, en relación ao convenio de colaboración



celebrado entre o Concello de Ribeira e a Universidade de Santiago de Compostela para o mantemento da sede do IV Ciclo da USC en Ribeira, 2021-2022.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 16/08/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Aprobar** a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Universidade de Santiago de Compostela para o mantemento da sede do IV Ciclo da USC en Ribeira, 2021-2022; resultando o seu importe: 11.669,88 €.

#### 14.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL-M.B.P.M.

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade**, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 12/08/2022, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **M.B.P.M.**, mediante escrito de data 05/08/2022.

**A Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 12/08/2022, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Conceder** a **M.B.P.M.** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **2.605,62 €**, aprobando unha Renda Social Municipal de 434,27 €/mes durante un máximo de 6 meses.

#### 15.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO 2022-2023

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade**, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 10/08/2022, na que solicita a aprobación da convocatoria de axudas á escolarización para o próximo curso 2022-2023.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 16/08/2022.

Vista a documentación que obra no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Aprobar a convocatoria das axudas á escolarización para o curso académico 2022-2023, segundo as bases que constan no expediente e segundo a seguinte táboa orzamentaria:



<b>Partida orzamentaria: 231A.48016</b>	<b>TOTAL</b>	<b>42.000 €</b>
	COMEDORES ESCOLARES	38.000 €
	ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR	4.000€

b) Que se proceda á súa publicación nos boletíns oficiais que correspondan.

#### 16.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (MOSTRA DE TEATRO DE RIBEIRA 2022)

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da **Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández**, de data 10/08/2022, na que solicita a aprobación de prezo público para as entradas ás funcións da “Mostra de Teatro de Ribeira 2022”.

**Visto** o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/08/2022.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- Autorizar a celebración da programación da “Mostra de Teatro de Ribeira 2022”

2.- A aprobación do **prezo público** para as entradas ás funcións da “Mostra de Teatro de Ribeira 2022”:

- Prezo xeral por reserva de butaca para cada función: **4,00 €**
- Bono para todas as representacións da mostra: **25,00 €**

3.- **Aprobar** a normativa de adquisición das entradas como reserva de butaca, según o sinalado na citada proposta.

4.- **Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

#### 17.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A NA CATEGORÍA DE ARQUITECTO/A. ÁREA DE ADCRIPCIÓN: DEPARTAMENTO DE URBANISMO, SECCIÓN PLANEAMENTO E XESTIÓN.. CÓDIGO RPT 03.01.01.01. (Expediente número 2022 PSEL000020.)

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

#### ANTECEDENTES

1º).- Mediante Resolución de data 16/7/2022 emitida polo Director Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, concédese a Martín Cerredá Álvarez, funcionario municipal do Concello de Ribeira adscrito ó posto de arquitecto municipal, unha comisión de servizos de carácter temporal para o posto de traballo de



xeftura de servizo de apoio técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

2ª) Por Providencia da Alcaldía de data 10/8/2022, dispónse que se proceda á iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a cobertura temporal da praza de **ARQUITECTO/A MUNICIPAL, adscrita á sección de planeamento e xestión do departamento de urbanismo, determinada co código RPT 03.01.01.01**, coa emisión dos informes xurídico e económicos precisos sobre a posibilidade de realizar o nomeamento, a súa modalidade e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2022.
- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: “6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.” No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal funcionario interino. Aínda así, a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenzan entre persoal funcionario de carreira e persoal funcionario interino. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP e no apartado h) do artigo 49 da Lei 2/2015 (“axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”), o



procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

Neste sentido, cómpre citar o apartado 2 do artigo 10 do TREBEP, que dispón: “2. *Los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad, publicidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.*”

O artigo 24.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, dispón: “1. *A selección do persoal funcionario interino realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia.*”

**SEGUNDO.-** No caso que nos ocupa, xurde a necesidade de proceder á cobertura temporal dunha praza de ARQUITECTO/A MUNICIPAL, adscrita á sección de planeamento e xestión do departamento de urbanismo, determinada co código RPT 03.01.01.01, como consecuencia da resolución de data 16//2022 da Dirección Xeral de Función Pública que concede ó titular do posto unha comisión de servizos de carácter temporal.

A referida praza está incluída no cadro de persoal funcionario que forma parte do orzamento xeral para o ano 2021, prorrogado para o ano 2022, polo que, nun principio, sería legalmente posible a súa cobertura.

**Como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos, e, ao tratarse de contratacións temporais, o procedemento de selección pode simplificarse, por exemplo, reducindo o prazo dos aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos admitidos e excluídos, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.**

**TERCEIRO.-** Neste ano 2022, para a incorporación de novo persoal no sector público compre acudir ao artigo 20 da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2022, de carácter básico.

No referido precepto dispónse que a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, regularase polos criterios sinalados no citado artigo e suxeitarase ás taxas de reposición de efectivos recollidas no citado precepto normativo.

**CUARTO.-** No presente caso, trátase do nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 20.Catro da Lei 22/2021 que dispón o seguinte: “*Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.*”

A este respecto, consta no expediente **Providencia da Alcaldía** de data 10/8/2022 na que, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21.1 letras g) e h) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, **xustifica a urxencia e necesidade de realizar o referido nomeamento:** “*Mediante Resolución de data 16/7/2022 emitida polo Director Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, concédese a Martín Cerreda Álvarez, funcionario municipal do Concello de Ribeira adscrito ó posto de arquitecto municipal, unha comisión de servizos de carácter temporal para o posto de traballo de xefatura de servizo de apoio técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Ante as necesidades esenciais do departamento de urbanismo do Concello de Ribeira de contar con persoal que realice as funcións correspondentes ao posto de arquitecto/a municipal, é preciso dar continuidade ó servizo coa cobertura interina do*



citado posto nos termos do artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público de Galicia. Polo exposto, **enténdese xustificada a necesidade de cubrir temporalmente a praza indicada**. Así mesmo, por todo o referido, **enténdese tamén xustificada a temporalidade do nomeamento a realizar.** Entendese así, que se cumpre co disposto no artigo 20. Catro da citada da Lei estatal, xa que o límite citado polo artigo (“necesidades urxentes e inaprazables”) resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.”

**QUINTO.-** O artigo 10 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, recentemente modificado pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dispón o seguinte:

*“1. Son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales con carácter temporal para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:*

- a) *La existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4.*
- b) *La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario.*
- c) *La ejecución de programas de carácter temporal, que non podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.*
- d) *El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un período de dieciocho meses.*

*2. Los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad, publicidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.*

*3. En todo caso, la Administración formalizará de oficio la finalización de la relación de interinidad por cualquiera de las siguientes causas, además de por las previstas en el artículo 63, sin derecho a compensación alguna:*

- a) *Por la cobertura reglada del puesto por personal funcionario de carrera a través de cualquiera de los procedimientos legalmente establecidos.*
- b) *Por razones organizativas que den lugar a la supresión o a la amortización de los puestos asignados.*
- c) *Por la finalización del plazo autorizado expresamente recogido en su nombramiento.*
- d) *Por la finalización de la causa que dio lugar a su nombramiento.*

*4. En el supuesto previsto en el apartado 1.a), las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

*No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso*





*selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.*

*Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino y sea resuelta conforme a los plazos establecidos en el artículo 70 del TREBEP. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.*

*5. Al personal funcionario interino le será aplicable el régimen general del personal funcionario de carrera en cuanto sea adecuado a la naturaleza de su condición temporal y al carácter extraordinario y urgente de su nombramiento, salvo aquellos derechos inherentes a la condición de funcionario de carrera.”*

**No caso que nos ocupa, procedería o nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/ por substitución transitoria do titular, durante o tempo estritamente necesario (artigo 10.1 b) TREBEP).**

Por todo isto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 11/08/2022, e visto o informe de fiscalización previa limitada emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/08/2022, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a selección de persoal funcionario/a interino/a para a cobertura temporal da praza de ARQUITECTO/A MUNICIPAL, adscrita á sección de planeamento e xestión do departamento de urbanismo, determinada co código RPT 03.01.01.01.

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto no artigo 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**TERCEIRO.-** Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

**Bases reguladoras do proceso selectivo para a constitución dunha BOLSA DE EMPREGO para o nomeamento de funcionario/a interino/a na categoría de ARQUITECTO/A.**

**1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

A presente convocatoria ten por obxecto regular a formación dunha bolsa de emprego no Concello de Ribeira coa finalidade de dotar ó mesmo dunha bolsa de traballo que permita atender presentes e futuras necesidades desta Administración local mediante o nomeamento de funcionarios/as interinos/as da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Superiores, grupo A, subgrupo A1, na categoría profesional de Arquitecto/a, nivel 25, en calquera das modalidades previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.



As funcións propias do posto obxecto da convocatoria, segundo dispón a RPT vixente son as seguintes:

- Colaborar co técnico superior e a secretaría na tramitación dos expedientes relativos a planeamento e xestión, conforme a súa capacitación técnica e profesional.
- Realizar informes de obra maior.
- Realizar informes preceptivos, dentro do seu eido competencial e profesional, e relativos ás materias propias da sección.
- Prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

A inclusión na bolsa de emprego non supón en si mesma un dereito ó nomeamento, sendo exclusivamente a súa función a de servir de relación ordenada e baremada das persoas que poidan ser chamadas para cubrir as necesidades de persoal antes citadas. É dicir, os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a prestar servizo no Concello de Ribeira, por orde de puntuación.

A bolsa resultante deste proceso selectivo terá unha vixencia máxima de 5 anos. O inicio do prazo de vixencia computarase desde o día en que a bolsa quede constituída e aprobada por Decreto da Alcaldía.

A bolsa perderá a súa vixencia cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Finalice o prazo máximo de duración.
- Sempre que quede esgotada como consecuencia de situacións nas que non haxa persoas dispoñibles.
- Se constitúa unha nova bolsa ou lista de agarda temporal que substitúa á presente.

### **2ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.**

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión da titulación habilitante para o desenvolvemento da profesión de arquitecto/a. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar instancias) da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo organismo competente.
- b) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP.
- c) Ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de ser o caso, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo órgano competente.



- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión.

### **3ª.- TAXAS DO PROCESO SELECTIVO**

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 24,36 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa da Casa Consistorial (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas no inverno; no verán, que abrangue desde o 15 de xuño ao 15 de setembro, o horario é de 9:00 a 13:30 horas)
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓNS, seleccionando as seguintes opcións:
  - Tributo: **Dereitos de exame**
  - A liquidar: **Grupo A ou asimilado.**
  - Observacións: Nome da praza á que se opta

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: “*Pagar on line*”, ou “*imprimir recibo*” e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

De conformidade co disposto no artigo 7 da citada Ordenanza Fiscal, están exentos da taxa por dereitos de exame as persoas que estean en situación de desemprego, e figuren como tales no correspondente Servizo Público de Emprego.

### **4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó señor Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma e da súa compatibilidade co posto de traballo obxecto desta convocatoria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas no inverno; no verán, que abrangue desde o 15 de xuño ao 15 de setembro, o horario é de 9:00 a 13:30 horas) **durante o prazo de DEZ (10) DÍAS HÁBILES**, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.



As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos lugares e formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como de maneira telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Ribeira <https://sede.ribeira.gal>

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

**Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:**

- a) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame ou acreditación de situación de desemprego para o caso da exención da taxa. A situación de desemprego acreditarase mediante un certificado de situación administrativa ou un certificado de períodos de inscrición (este último acompañado de vida laboral), de data actual.
- b) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- c) Copia da titulación académica esixida na Base 2ª apartado a).
- d) Certificación de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo obxecto da convocatoria.
- e) Relación dos méritos que aleguen para a súa validación na fase do concurso, que se acompañará da copia da documentación acreditativa dos mesmos.

**Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.**

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

#### **5ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.**

A convocatoria correspondente as presentes bases, efectuarase a través dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, conxuntamente coa súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse, así como as relativas a resolucións ou actos do Tribunal faranse públicas a través da páxina web e taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias farase a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na base 4ª desta convocatoria.

As publicacións na páxina web do Concello faranse a título informativo e complementario, e non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todas as cláusulas establecidas na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

#### **6ª.-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.**



Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, nome e número de documento nacional de identidade. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello ([www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal)), no apartado "taboleiro de anuncios".

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES contados desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Para o caso de que non existan erros ou emendas a realizar nas solicitudes por estar correctamente presentadas, aprobarase directamente a lista definitiva de aspirantes admitidos/as.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello ([www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal)), no apartado "taboleiro de anuncios".

A inclusión dos/as aspirantes nas listas de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 10ª.

#### **7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente



no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

#### **8ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). Así mesmo, e sempre que sexa posible, publicarase, a título informativo e complementario, na web do concello ([www.riveira.es](http://www.riveira.es)), no apartado "*taboleiro de anuncios*".

O procedemento de selección consta de dúas fases, podendo obterse pola suma de puntuación de todas elas, un total de **25 puntos**:

- 1. Concurso de Méritos: ata un máximo de 22 puntos.**
- 2. Entrevista persoal: ata un máximo de 3 puntos.**

**8.1. FASE de CONCURSO DE MÉRITOS:** consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes, **ata un máximo de 22 puntos**, consonte ó baremo referido a continuación. A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirse en sesión non pública para proceder á súa valoración.

#### **A) Experiencia profesional (ata un máximo de 15 puntos):**

**A.1.- Méritos obxecto de valoración:** valoraranse os servizos efectivos prestados na Administración Pública en condición de empregado público (laboral o funcionario/a) en prazas do grupo A, subgrupo A1, como arquitecto/a. A estes efectos, tomarase sempre como referencia o Informe de Vida Laboral e teranse en conta única e exclusivamente os días traballados que figuren no citado informe, procedendo da forma seguinte: sumaranse os días que se correspondan co tempo traballado nos postos antes referidos e o seu resultado dividirase por 30 (media de días que ten un mes), multiplicando o resultado desta división por 0,20.





**Forma de acreditación:** Efectuarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dun certificado da Administración pública de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e de fin. A non presentación de ámbolos dous documentos (**vida laboral + certificado da administración pública**) suporá a non valoración do mérito alegado.

**Puntuación máxima: 10 puntos.**

**A.2.- Méritos obxecto de valoración:** valorarase a redacción de proxectos de obras da súa competencia profesional para calquera Administración Pública, conforme ó seguinte baremo:

- Por cada proxecto cuxo orzamento de execución material sexa igual ou superior a 50.000 euros: 0,10 puntos.
- Por cada proxecto cuxo orzamento de execución material sexa igual ou superior a 100.000 euros: 0,20 puntos.
- Por cada proxecto cuxo orzamento de execución material sexa igual ou superior a 200.000 euros: 0,40 puntos.

**Forma de acreditación:** Realizarase mediante a presentación dunha certificación da Administración para a que se tivera redactado os proxectos na que expresamente se conteñan todos os datos necesarios que permitan a valoración dos mesmos (deberá conter como datos mínimos para a súa valoración: título do proxecto, autor do mesmo, data de redacción, data de aprobación pola Administración, e orzamento de execución material).

**Puntuación máxima: 2 puntos.**

**A.3.- Méritos obxecto de valoración:** valorarase o desempeño de funcións de dirección de obra pública ó servizo de calquera Administración Pública, conforme ó seguinte baremo:

- Pola dirección de obra pública en proxectos cuxo orzamento de execución material sexa igual ou superior a 50.000 euros: 0,10 puntos.
- Pola dirección de obra pública en proxectos cuxo orzamento de execución material sexa igual ou superior a 100.000 euros: 0,20 puntos.
- Pola dirección de obra pública en proxectos cuxo orzamento de execución material sexa igual ou superior a 200.000 euros: 0,40 puntos.

**Forma de acreditación:** Realizarase mediante a presentación dunha certificación da Administración para a que se tiveran dirixido os proxectos de obras na que expresamente se conteñan todos os datos necesarios que permitan a valoración dos mesmos (deberá conter como datos mínimos para a súa valoración: título do proxecto, orzamento de execución material, identificación do director das obras, data de designación como directos pola Administración e datas de inicio e fin das obras).

**Puntuación máxima: 2 puntos.**

**A.4.- Méritos obxecto de valoración:** valorarase a emisión de informes como funcionario/a ou persoal laboral, arquitecto de calquera entidade local, sobre expedientes de aprobación, revisión ou modificación de planeamento urbanístico municipal, conforme ó seguinte baremo:

- Por informes relativos ao planeamento xeral: 0,25 puntos por cada instrumento de planeamento informado.



- Por informes referidos ao planeamento de desenvolvemento: 0,15 puntos por cada instrumento de planeamento informado.

**Forma de acreditación:** Realizarase mediante a presentación dunha certificación da Administración para a que se tivera informado, como arquitecto/a, os correspondentes instrumentos de planeamento, na que expresamente se conteñan todos os datos necesarios que permitan a valoración dos mesmos (deberá conter como datos mínimos para a súa valoración: autor do informe, data do informe e instrumento de planeamento obxecto do informe).

**Puntuación máxima: 1 punto.**

**B) Formación complementaria (ata un máximo de 7 puntos):**

**B.1.- Méritos obxecto de valoración:** valorarase o ter superado cursos de formación que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto convocado, que fosen organizados ou impartidos polos centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración local, Universidades, Colexios Oficiais, Escolas da Administración Pública e os organizados por Sindicatos no marco do Acordo Nacional de Formación Continua, a razón de 0,01 punto por cada hora lectiva de duración.

**Forma de acreditación:** realizarase mediante o título correspondente ou certificado emitido pola entidade ou organismo competente.

**Puntuación máxima: 2 puntos.**

**B.2.- Méritos obxecto de valoración:** valorarase o ter superado exercicios de probas selectivas convocadas pola Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, para o acceso, como funcionario/a de carreira, a prazas de arquitecto/a, a razón de 0,50 puntos por cada proba superada.

**Forma de acreditación:** realizarase mediante a presentación de anuncio publicado da proba superada ou certificado emitido pola Administración convocante.

**Puntuación máxima: 2 puntos.**

**B.3.- Mérito obxecto de valoración:** valorarase estar en posesión dun título oficial de Máster directamente relacionado coa profesión de arquitecto/a, a razón de 1 punto por cada Máster.

**Forma de acreditación:** realizarase mediante o título correspondente ou certificado emitido pola entidade ou organismo competente.

**Puntuación máxima: 1 punto.**

**B.4.- Mérito obxecto de valoración:** valorarase o coñecemento da lingua galega, conforme ó seguinte baremo (no caso de acreditar máis dun grao de coñecemento de galego, só computarase o superior):

- Curso de nivel medio de linguaxe administrativo galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativo local galega, curso de linguaxe xurídico galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: 1 punto.
- Curso de nivel superior de linguaxe administrativo galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídico galega: 2 puntos.

**Forma de acreditación:** realizarase cos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

**Puntuación máxima: 2 puntos.**



**8.2. FASE de ENTREVISTA PERSOAL:** Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único por orden alfabético, sendo excluídos/as quen non compareza, agás causas de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal. En calquera momento o Tribunal poderá requirir ós/as aspirantes para que acrediten a súa personalidade. Os/as candidatos deberán acudir provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal.

A entrevista persoal terá carácter obrigatorio e servirá para apreciar a experiencia, coñecementos, aptitudes e adecuación do seu perfil ó posto de traballo a desempeñar. Valorarase ata un máximo de 3 puntos, segundo se indica a continuación:

- Moi adecuado/a: 3 puntos.
- Bastante adecuado/a: 2 puntos.
- Adecuado/a: 1 punto.
- Nada adecuado/a: 0 puntos.

**8.3 PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓN.**

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente. A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. En todos os casos para a presentación das reclamacións dispónse dun prazo de 2 días hábiles, contados a partir do día seguinte o da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviándoa ao fax 981 871610 ou ao correo electrónico [maria.sieira.rios@ribeira.gal](mailto:maria.sieira.rios@ribeira.gal), a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

**9ª.- FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA A REALIZACIÓN DOS NOMEAMENTOS.**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal procederá á formación da bolsa de emprego, por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e que determinará a orde de prelación para o seu nomeamento como funcionario/a interino. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica), así como na páxina web, de ser posible.

A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía e os/as integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser nomeados como funcionarios/as interinos/as por orde de puntuación.

De producirse empate na antedita cualificación final, este dirimirase por aquel/aquela aspirante que obtivera maior puntuación no apartado experiencia profesional e de persistir teráselle en conta a maior puntuación obtida no apartado de formación, e por último lugar a maior puntuación na fase da entrevista.

De persistir o referido empate resolverase por orde alfabético dos apelidos dos/as aspirantes.

**10ª FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.**

O funcionamento da bolsa de emprego será segundo se dispón a continuación:

**10.1 Situacións.**

As persoas que figuren na bolsa de emprego constituída poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:



- a) *Dispoñibles*: situación desde a que se é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación.
- b) *Contratadas*: situación na que a persoa integrante da lista ou bolsa atópase prestando servizos efectivos no Concello de Ribeira, ao abeiro da presente bolsa ou doutra distinta. Finalizada a vixencia do correspondente contrato, a persoa en activo pasará novamente á situación de “dispoñible”, mantendo a súa posición ordinal inicial na bolsa de orixe.  
No caso de que a persoa contratada temporalmente, ao abeiro da correspondente bolsa de emprego, se atope incluída como dispoñible noutras bolsas de emprego do Concello, poderá aceptar ou rexeitar outra contratación temporal que se lle ofrezca. No caso de aceptar, isto suporá unha renuncia voluntaria na súa relación de emprego vixente e pasará como “dispoñible” ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie. Idéntica actuación procederá no caso de renuncia voluntaria na relación de emprego vixente (derivada dunha bolsa de emprego existente) por aceptar outro nomeamento ou contrato de traballo noutra Administración ou entidade privada, e sempre que non concorran un suposto legal de reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación.
- c) *Suspendidas*: situación producida por algunha das causas establecidas no apartado A.2) desta base, a resultas da cal se impide formular á persoa afectada ofertas de traballo. Durante a situación de suspensión a persoa afectada non recibirá ofertas de traballo. Finalizada a suspensión a persoa afectada volverá a ocupar o lugar orixinario na lista.
- d) *Excluídas*: Situación que comportará a exclusión da bolsa de traballo, unha vez producida algunha das causas establecidas na presente base, previa resolución.

**10.2. Chamamentos.**

Os chamamentos para a incorporación do persoal temporal pretendido realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre as persoas integrantes de cada bolsa.

En caso de oferta simultánea de varias incorporacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación das persoas aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico que deberán ser facilitados, polas persoas integrantes das bolsas, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación. Así, e en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, as persoas interesadas deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida desde as 9:00 ás 14:00 horas), a distintas horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicarse, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas, contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou rexeitar, a oferta realizada.

- A) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220949887
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 28/09/2022	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/09/2022	Fecha: 28/09/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/09/2022 13:56:31		Hora: 13:56



**A.1) No suposto de aceptación da oferta**, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego público que proceda e na data prevista ao efecto, do/a integrante da bolsa chamada e que teña aceptado, á que se lle requirirá para que antes da mesma e no prazo concreto sinalado ao efecto, presente:

- Declaración responsable na que manifieste a aceptación expresa do posto e que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos e acreditados no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a creación da bolsa de traballo, así como de non estar separada anteriormente do servizo das administracións públicas e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.
- Número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificación de conta bancaria.
- No caso de contratación para postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores achegarse unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (en cumprimento do artigo 13.5 da LO 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección do menor, modificado pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e da adolescencia).

De non cumprir co prazo sinalado para a presentación da referida documentación, ou a data sinalada para a incorporación, entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes, non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía proporá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa.

Así mesmo, pasará a ocupar o último lugar da bolsa, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, as causas de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento, que serán apreciadas e estimadas potestativa e discrecionalmente pola Alcaldía.

**A.2) No suposto de rexeitamento da oferta**, a persoa interesada deberá alegar algunha das causas xustificadas que a continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas outras de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía. Para iso, achegarse a documentación fidedigna no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do chamamento polo Concello, comunicado por teléfono e correo electrónico.

As ditas causas de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.



- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos quince (15) días hábiles seguintes ao do día da terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

- B) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento, no prazo máximo anteriormente sinalado, aplicaranse ao/á candidato/a os mesmos efectos, en relación coa súa situación na bolsa, que os previstos para os supostos de rexeitamento do chamamento sen alegación e acreditación de causa xustificada; o que implicará o seu pase ao último lugar da bolsa, e así, sucesivamente, para cada unha das persoas integrantes que incorran en falta de resposta.

#### **10.3. Dilixencias de chamamentos.**

Ao obxecto da súa xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a municipal que se encargue dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados. Neste sentido, indicárase, cando menos, os chamamentos realizados, as datas e horas nos que se realizaron as chamadas e o envío de correos electrónicos, se as persoas aspirantes chamadas tiveron respondido e no seu caso aceptado en prazo, as respostas recibidas e a documentación xustificativa achegadas polas persoas chamadas, sen prexuízo daquelas circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir.

#### **10.4. Baixa definitiva.**

A acumulación, por unha mesma persoa integrante da Bolsa, de tres situacións de falta de resposta aos chamamentos e/ou rexeitamento inxustificado, o incumprimento do prazo fixado para a incorporación/toma de posesión e/ou a presentación de documentación previa, dará lugar á súa baixa definitiva na mesma.

Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

- Solicitud de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes.
- Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación dos mesmos).
- Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.
- Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

#### **10.5. Fin da relación de emprego e reingreso na bolsa.**

Ao producirse a finalización da relación de emprego como persoal laboral temporal, a persoa aspirante retornará á posición ordinal que, en cada momento, e en virtude da puntuación inicialmente acadada no proceso selectivo, lle corresponda dentro da bolsa.

#### **10.6. Competencia para a xestión ordinaria da bolsa de emprego.**





A competencia para a xestión administrativa e ordinaria das bolsas de emprego correspóndelle ao servizo ou unidade administrativa que teña atribuída a xestión do persoal/recursos humanos, cuxo persoal asumirá os trámites operativos e materias pertinentes, sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nestas bases, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou órgano competente por delegación.

#### **11.- NOMEAMENTO.**

Unha vez presentada a documentación que corresponda, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor do/a aspirante que corresponda.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

#### **12.- ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE PERSOAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A.**

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a adquisición da condición de persoal funcionario interino esixe, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo dos requisitos establecidos nas letras d) e e) do artigo 60 da Lei 2/2015, isto é: Acto de acatamento da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como de compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións e toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

#### **13ª.- NORMAS FINAIS.**

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradiga, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta Convocatoria, así como das actuacións dos Tribunais Cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases e a Resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.



**ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE**

**Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira**

Don/dona ..... con DNI número .....  
e domicilio a efectos de notificacións en .....

Enterado/a da convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para o nomeamento como funcionario/a interino/ dun posto de ARQUITECTO/A, e considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base 2ª da convocatoria,

SOLICITA, a súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a documentación prevista na Base 4ª das que rexen o proceso selectivo.

Asemade reseña o seu correo electrónico .....  
e o seu teléfono móbil ..... no que autoriza a facer as comunicacións que se consideren.

(O dato do correo e número de móbil non sendo obrigatorios, permitirán e facilitarán as comunicacións e notificacións).

DECLARA coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ó seu cumprimento.

(LUGAR, DATA E SINATURA)

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

